

TEMA 8. A ECONOMÍA NO PERÍODO DE ENTREGUERRAS

Keynes e as consecuencias económicas da paz

Se o que nos propoñemos é que, polo menos durante una xeración, Alemaña non poida adquirir sequera unha mediana prosperidade; se cremos que todos os nosos recentes aliados son anxos puros e todos os nosos recentes inimigos, alemáns, austríacos, húngaros e os demais son fillos do demo; se desexamos que, ano tras ano, Alemaña sexa empobrecida e que os seus fillos morran de fame e enfermen, e que estea rodeada de inimigos, daquela rexeitemos todas as proposicións (xenerosas), e particularmente as que poidan axudar a Alemaña a recuperar unha parte da súa antiga prosperidade material.

Se tal modo de estimar as nacións e as relacións dunhas con outras fose adoptado polas democracias da Europa occidental, daquela, ¡que o Ceo nos salve a todos! Se nós aspiramos deliberadamente ao empobrecemento da Europa central, a vinganza, non dubido en predicilo, non tardará.

KEYNES, J.M., *As consecuencias económicas da paz*, 1919.

Debedores e acredores

Repetían (os franceses) que Francia pagara xa cumpridamente a súa parte en sangue e ruínas. Unha invitación a pagar máis e en ouro parecíanlles coma o cumio da inxustiza e incluso unha inmoralidade.

Para eles (os ingleses), as débedas de guerra e as reparacións eran obstáculos ao restablecemento da vida económica normal no mundo enteiro. América, como Inglaterra, era unha nación comerciante; estaba interesada na reapertura dos mercados e na restauración do poder adquisitivo de todos os países. Pero este renacemento era imposible mentres a corrente ordinaria do comercio internacional estivese trabada pola situación anormal resultante dos enormes pagos das reparacións e das débedas interaliadas.

A anulación era para os franceses un acto de xustiza e para os ingleses case un deber de boa política. Rexeitada polo pobo dos EE.UU. a tese francesa como desprovista de todo fundamento moral, e a tese británica porque impoñía a América todos os gastos desta operación xeral de anulación, os debedores europeos atopáronse ante o feito de que América quería cobrar.

SIMONDS, F.H., *Historia de Europa despois da guerra, de Versalles ao día despois de Locarno*, 1929.

Pacto de Locarno

Art. 1. As altas partes contratantes garanten individual e colectivamente o mantemento do statu quo territorial resultante das fronteiras entre Alemaña e Bélxica, e entre Alemaña e Francia fixadas no Tratado de Versalles e as súas disposicións relativas á zona desmilitarizada.

Art. 2. Alemaña e Bélxica e tamén Alemaña e Francia comprométense reciprocamente a non realizar ningún ataque ou invasión e a non recorrer en ningún caso á guerra.

Art. 3. De acordo co anterior, Alemaña e Bélxica e Alemaña e Francia comprométense a solucionar por vía pacífica todas as cuestións, de calquera natureza que sexan.

Pacto de Locarno (Alemaña, Francia, Bélxica, Gran Bretaña e Italia), 16 outubro 1925.

Aumento da produción

Chegara a grande prosperidade do automóbil. Na Ford, a produción mellorábase cada día: menos perdas, máis vixiantes (quince minutos para comer, tres para ir aos lavabos); por todas partes a aceleración taylorista: agáchese, axuste a barra, enrosque a rosca, meta a variña. Agáchese-axuste-a-barra-enrosque-a-rosca-meta-a-variña. Agáchese, axuste a barra, enrosque a rosca, meta a variña, ata que a derradeira parcela da vida sexa aspirada pola produción e os obreiros regresen ás súas casas pola tarde, tremementos, lívidos e completamente baleiros.

Ford era o dono de todo desde o minuto en que se extraía o mineral dos outeiros ata o instante en que o coche chegaba ao final da cadea e se poñía en marcha polos seus propios medios; as súas fábricas foron racionalizadas ata o milímetro. En 1926 o ciclo da produción desde a extracción do mineral ata que o automóbil deixaba a cadea, disposto para a venda, foi reducido a 81 horas.

DOS PASSOS, J., *The Big Money*, 1936.

A crise bancaria

Díxenlle ao persoal o que pasaría nas horas seguintes. “Se vostedes queren que o banco continúe aberto, teñen que desempeñar o seu papel: continúen a traballar como se non pasase nada. Sorrían, amósense amables, falen do tempo e non lle dean ao público sinais de pánico”.

No canto dos tres portelos que funcionan normalmente, hoxe funcionarán catro. Teñen que estar atendidos arreo, xa que se o portelo dun caixeiro cerra, aínda que sexa pouco tempo, iso fará aumentar o pánico. Mandaremos traer bocadillos, xa que ninguén poderá saír a xantar. Hoxe non podemos parar a carreira. O máximo que podemos facer é atravesala. A xente virá a liquidar as súas contas de aforro. Vostedes pagarán pero farano moi de vagar. É a única posibilidade que temos de vencer o pánico.

Vostedes coñecen de vista a moitos depositarios e no pasado non facía falta comprobar as súas sinaturas; hoxe tomarán todo o tempo que precisen para facelo. Outra cousa: á hora de pagar, non o fagan con billetes grandes. Pagen en billetes de 5 e 10 dólares e cóntenos moi a modo. O noso obxectivo é pagar hoxe o menos posible.

ECCLES MARRIMER, S., *Beckoning Frontiers*, Nova York, 1951.

Noticias xornalísticas sobre a crise financeira

Probable cerramento da Bolsa de Nova York o vindeiro sábado.

O New York Herald di que o mercado se afundiu de súpeto con maior virulencia que a última vez. Negociáronse 16.419.000 accións, feito que determinou a caída dos cambios. As perdas calcúlanse en millóns de dólares e as quebras son sensacionais. Os banqueiros tiveron que recoñecer a súa impotencia para resolver a catástrofe.

El Imparcial, Madrid, xoves, 31 outubro 1929.

¡Pánico no mundo bolsista! Suicidouse un banqueiro ianqui e outro comerciante virou tolo.

Suicidouse, disparándose un tiro, o Sr. James Riordan, presidente da County Trust Company. Por mor das grandes baixas que se produciron estes días en Wall Street houbo moitos corredores e financeiros que viraron tolos. O venres, Smith Mordinger,

famoso comerciante de Nova Orleáns, que se atopaba en Nova York durante o pánico bolsista, sufriu un ataque de loucura e comezou a lanzar cartos e accións polas rúas.

El Heraldo de Madrid, 11 novembro 1929.

Perdas de vidas e de bens

Como consecuencia das perdas experimentadas, David Korn, gran tratante de carbón, atentou contra a súa vida nun momento de desesperación. Nos montes de piedade están empeñados automóbiles “Rolls Royce”, xoias de platino e brillantes que eran propiedades de millonarios que perderon axiña as súas fortunas.

La Noche, 31 outubro 1929.

Groucho Marx, accionista en 1929

Moí pronto, un negocio moito máis atractivo có teatral atraeu a miña atención, e a do meu país. Era un asunto chamado mercado de valores. O meu soldo semanal en Cocoterros era duns dous mil, pero isto eran uns patacos en comparación co que se gañaba teoricamente en Wall Street.

Corrín cara ao cuarto de Harpo. Informeino inmediatamente sobre esta mina de ouro en potencia. “No vestíbulo deste hotel están as oficinas dun axente de bolsa”, dixo, “agarda a que me vista e correremos a mercar estas accións antes de que se espalle a noticia”. “Harpo”, díxenlle, “¿estás tolo? ¡Se agardamos ata que esteas vestido estas accións poden subir dez enteiros!”. Desta maneira que coas miñas roupas de vestir e Harpo coa súa bata, corremos cara ao vestíbulo, entramos no despacho do axente en un santiamén compramos accións da United Corporation por valor de cento sesenta mil dólares, cunha marxe de vintecinco por cento; se un compraba oitenta mil dólares en accións, só tiña que pagar en efectivo vinte mil. O resto deixábaselle a deber ao axente.

O mercado seguiu subindo e subindo. O máis sorprendente do mercado, en 1929, era que ninguén vendía unha soa acción. A xente mercaba sen parar.

Lamentaba desprenderme de calquera acción, pois estaba seguro de que ía dobrar o seu valor en poucos meses. O fontaneiro, o carnicero, o panadeiro, o home do xeo, todos desexosos de facérense ricos, botaban os seus mesquiños salarios –e en moitos casos, os seus aforros de toda a vida– en Wall Street.

Un día concreto, o mercado comezou a vacilar. Uns cantos dos clientes máis nervosos foron presas do pánico e comezaron a descargarse. Despois o pánico alcanzou aos axentes de Bolsa, que comezaron a berrar reclamando as marxes adicionais e os axentes empezaron a vender accións a calquera prezo. Logo, un martes espectacular, Wall Street tirou a toalla e derrubouse. Iso da toalla é unha frase axeitada, porque daquela todo o país estaba chorando. O día do afundimento final, o meu amigo Max Gordon, telefonoume desde Nova York. Todo o que me dixo foi: “¡Marx, a broma acabou!”.

MARX, G., *Groucho y yo*, Barcelona, Tusquets, 1980.

A Gran Depresión de 1929 segundo Hoover

Nun sentido amplo, a causa primeira da Gran Depresión foi a guerra de 1914-18. Sen a guerra non se produciría unha depresión de análoga dimensión.

A Gran Depresión constituíu un proceso en dúas etapas, composto de varias fases. Nós tivemos unha recesión normal, debido a causas internas, que se inicia co crash bolsista de outubro de 1929, e estabamos no camiño da recuperación cando as dificultades europeas se alzaron coa forza dun furacán e alcanzáronnos en abril de 1931.

Así, a Gran Depresión non comezara verdadeiramente nos EE.UU. antes do afundimento europeo.

Afirmouse que o crash bolsista americano demolera a economía mundial. De feito non é así. Un estudo da Oficina Nacional de Investigación Económica afirma: “Varios países entraran nunha fase de recesión en 1927 e en 1928, bastante antes da data tomada de ordinario para marcar o comezo da crise nos EE.UU, é dicir, o *crash* de Wall Street en outubro de 1929.

HOOVER, H., *Memorias*, 1952.

Miseria e emigración

Os desposuídos foron empurrados cara o Oeste. Caravanas de coches cargados de seres famentos e sen fogar; vinte mil, cincuenta mil, cen mil e douscentos mil inqedos coma formigas apresuradas, buscando traballo –para erguer, tirar, cortar, recoller- calquera cousa, calquera carga que soportar, por un anaco de pan. “Os nenos teñen fame. Non temos onde vivir”.

Tiñan fame e eran feros. Confiaban atopar un fogar e só atoparon odio. Os propietarios da terra odiábanos. E nos pobos, os donos dos comercios odiábanos porque non tiñan cartos para gastar. E os traballadores odiábanos porque un home famento ten que traballar, e se ten que traballar, se precisa traballar, o patrón, automaticamente, pagaralle menos polo seu traballo e entón ninguén poderá gañar máis.

Os desposuídos, os emigrantes chegaban a Hooverville; había un Hooverville nas aforas de cada pobo; o home chegaba coa súa familia e convertíase en cidadán de Hooverville; armaba a súa tenda tan preto da auga como podía, e, se non tiña tenda, ía ao depósito do lixo da cidade e procurábase cartóns para construír unha casa. E cando chegaban as choivas, as casas desfacíanse.

STEINBECK, J., *As uvas da ira*, 1939.

A crise segundo Arthur Miller

O verán do ano 1932 foi probablemente o punto máis baixo da depresión. Todo era moi sinxelo: ninguén tiña diñeiro. O que sería o último goberno republicano no curso de dúas décadas estaba a punto de recibir o finiquito, sen ideas, e para nós como se dixesemos no caldeiro do lixo, faltar incluso da retórica da esperanza. As lembranzas que teño daquel ano configurábanme unha cidade fantasma que pouco a pouco se ía cubrindo de po, rueiro tras rueiro, cada vez con máis rótulos de TRASPÁSASE en sucios escaparates de tendas e talleres abertos moitos anos antes e na actualidade cerrados. Foi tamén o ano das colas nas panaderías, de homes sans e robustos que formaban en batallóns de seis e oito en fondo ao longo do muro dalgún almacén, en espera de que este ou aquel organismo municipal improvisado, ou o Exército de Salvación ou calquera igrexa, lles dese unha cunca de caldo ou unha bola de pan.

MILLER, A., *Voltas ao tempo, autobiografía*.

Necesidade de incentivar o consumo

Hai moita xente que pensa que o mellor que poden facer polo seu ben e o dos demais é aforrar. Cren que se se absteñen de gastar axudarán aos parados.

Pois ben, en certas circunstancias, isto que parece xusto, é o peor que se pode facer. En efecto, a función do aforro é poder dispor dunha certa cantidade para producir

bens de equipo: casas, máquinas, estradas, etc. Pero se hai moitos parados neste tipo de empregos, o aforro ten como consecuencia o aumento dos parados.

Nestas circunstancias, cada vez que economizades cinco chelíns privades a un home dunha xornada de traballo. Ao aforrar eses cinco chelíns, contribuídes ao aumento do paro en razón dun home por día. Pola contra, todas as veces que comprades mercadorías, contribuídes a multiplicar as ofertas de emprego aos traballadores. En efecto, se comprades mercadorías cómpre que alguén as produza. E se non comprades nada, os comerciantes non poderán esgotar os seus *stocks*, non renovarán os seus pedidos e alguén perderá o seu traballo.

KEYNES, J.M., *Alocución radiofónica*, 1931.

Intervención estatal para saír da crise

Aínda que a nosa teoría sinale que é de vital importancia atribuir aos organismos centrais certos poderes de dirección –hoxe en día confiados na maior parte á iniciativa privada-, iso non significa nin moito menos un amplo dominio da actividade económica.

Pensamos que unha ampla socialización dos investimentos revelarase como o único medio de asegurar, no posible, o pleno emprego, o que non quere dicir que se teñan que excluír compromisos e todo tipo de fórmulas que permitan ao Estado cooperar coa iniciativa privada. A existencia de organismos de dirección precisos para asegurar o pleno emprego, entrañará, claro está, unha ampla extensión das funcións tradicionais do Estado. Esta extensión parécenos que é o único medio para evitar unha destrución completa das institucións económicas actuais e unha condición para un feliz exercicio da iniciativa individual.

KEYNES, J.M., *Teoría xeral sobre o emprego, o interese e o diñeiro*, 1936.

Roosevelt anuncia o New Deal

A nosa tarefa prioritaria é facer que a xente volva a traballar. Isto pódese conseguir mediante un recrutamento directo por parte do goberno. Nós podemos facilitar a realización deste obxectivo aumentando o prezo dos produtos agrícolas, e con estes a capacidade adquisitiva dos agricultores. Podemos facilitalo insistindo para que o goberno federal, o dos Estados e máis os gobernos locais se poñan a traballar de contado para reducir dunha forma draconiana os seus custos de funcionamento. Podemos facilitalo unificando as axudas ás vítimas da crise. Podemos facilitalo planificando e supervisando a nivel nacional todas as formas de transporte, de comunicacións e de servizos que teñen claramente un carácter de interese público.

Finalmente, no noso camiño cara á plena ocupación, precisaremos levar a cabo tres medidas destinadas a previr un retorno aos malos tempos pasados: terá que haber unha estrita vixilancia de todas as actividades bancarias, financeiras e de investimentos; haberá que limitar as actividades dos que especulan cos cartos dos demais; haberá que asegurarse de que a nosa divisa sexa a un tempo axeitada e saneada.

As nosas relacións comerciais internacionais, aínda que teñen moita importancia, son, hoxe, secundarias respecto da necesidade de establecer unha política nacional saneada.

ROOSEVELT, F.D., *Discurso*, 4 marzo 1933.

Resultados económicos do New Deal

EVOLUCIÓN DA ECONOMÍA (1929-1939)			
Sectores económicos	1929	1932	1939
Producción industrial (índice 100 en 1927)	96	50	96
Carbón (millóns de tm)	552	326	402
Aceiro (millóns de tm)	57,3	14	47,8
Automóviles (miles de unidades)	5.358	1.371	3.577
Prezos por xunto (índice 100 en 1901-10)	153	105	124
Salario hora (índice 100 en 1913)	253	200	283
Número de parados (millóns)	1,4	11,9	8,8
% parados sobre a poboación activa	3,1	21	16,5
Importacións (milleiros de millóns de \$)	4,4	1,3	2,4
Exportacións (milleiros de millóns de \$)	5,3	1,6	3,3
Renda nacional (milleiros de millóns de \$)	87,6	42,5	72,8